

J. Alberte Corral descarga as súas teimas nos relatos existenciais de 'Do lusco-fusco'

SANTIAGO. Redacción

A literatura como punto de partida, como xénese de interrogantes e vehículo do pensamento é o que José Alberte Corral Iglesias desprende de *Do lusco-fusco*, un feixe de relatos "de corte existencial" que compoñen a súa primeira incursión no eido narrativo.

José Alberte Corral Iglesias tiña publicado xa varios poemarios, como *Del amor y la memoria*, *Palavra* e *Acarom da brêtema*, onde ata agora expresaba o seu mundo literario e creativo. Ve agora a luz a súa primeira experiencia como narrador, *Do lusco-fusco*, un feixe de relatos que entroncan coa experiencia coñecida pero que son, ante todo, ficción. Son historias ás veces de corte existencial, ás veces irmáns do realismo máxico, cos que o autor aspira a "prolonga-la tradición contística galega, anque moitas das miñas fontes

proceden de Latinoamérica". Di Corral que as personaxes que viven nos relatos fanlle preguntas e axúdanos a dialogar coa xente. Este é o obxectivo de quen non cre nunha "literatura de solucións", senón de interrogantes, que a postula como "a voz alta escrita da reflexión e o pensamento".

A irracionalidade do sistema, a marxinalidade da violencia individual, o afecto como antídoto contra a barbarie, son algunhas das cuestións que emanan deste libro de relatos, que se pregunta tamén como facer entender que o outro sempre é un mesmo. Son cuestións que apunta directamente á conciencia dos galegos, "un pobo violentado, condenado ó desafecto coma se dunha maldición bíblica se tratase". Son as inquietanzas que atormentan o autor, que ve no "xenocidio da emigración, que nos obriga a vivir muti-

lados" a cadea perpetua dos homes que non poden "xogar unha partida de dominó cos seus amigos da infancia porque están repartidos polo mundo". Domina a ironía, a tenrura e a tristura. Pero José Alberte Corral non describe *Do lusco-fusco* como unha obra pesimista, tampouco optimista, nin sequer testemuño: "O optimismo é dicir que existen solucións, e eu non as teño. O pesimismo é dicir que non as hai, e non me toca. Pero non me quedo en testemuña, non só digo que estamos así, tamén me pregunto por que".

Corral é "un neno de Monte Alto" licenciado en Económicas que percorreu boa parte de Hispanoamérica e estudiou Xornalismo en Caracas. Dá agora este salto á narrativa da man de Baía Edicións, porque necesitaba plasmar teimas que "non me collían na posía".